

Outes, 24 de setembro, 2012

Estimadas familias:

Tal e como informabamos ao remate do curso 2011-12, o IES Poeta Añón foi premiado co VIII Proxecto Didáctico Antonio Fraguas na modalidade de Ensino Secundario co traballo OUTEAR. (Podesde atopar unha copia do proxecto na web do centro (<http://www.edu.xunta.es/centros/iespoetaanon>) na sección Departamentos > Normalización Lingüística)

Con este proxecto pretendemos recuperar a memoria histórica do concello na voz dos nosos maiores e para iso necesitamos a participación de toda a comunidade educativa.

A colaboración que nos pode facilitar nun primeiro momento sería proporcionarnos información de persoas maiores que pasaron a súa infancia e/ou mocidade no noso concello e que poidan falarnos de como era a vida na súa época. Son moitos os aspectos dos que nos poderían falar, pero o proxecto centrámolo nos seguintes apartados: escola, feiras, lingua, oficios e traballos, romerías e festas (pampallín, entroido, aghinaldo...), sancosmeiros, velorios e vodas; tamén incluímos un apartado de anécdotas.

Outra colaboración que solicitamos é a aportación de fotos antigas, traxes, libros... e calquera tipo de material que conserven para cedérnolo momentaneamente, dado que ao final do proxecto terá lugar unha exposición de todo o traballo no Museo do Pobo Galego, en Santiago.

Esperando contar coa vosa axuda para que o traballo final sexa da calidade que merece, agradecemos a colaboración de antemán e estamos abertos a calquera tipo de suxestión.

Se teñen algunha dúbida en canto á idea deste proxecto non deixe de chamar ao centro (Tfno. 981850637)

Un cordial saúdo:

O director:

A coordinadora do proxecto:

Asdo.: Daniel Losada Andreu

Asdo: Manuela Campos Agrafojo

Alumno/a:

Grupo:

Enderezo:

Teléfono:

Material que podería aportar:

Persoa(s) á(s) que se podería entrevistar: (nome , idade) (pode ser máis de unha persoa e non ten por que formar parte da unidade familiar)

Temas dos que podería(n) falarnos: (pódese marcar varios)

Escola	
Feiras	
Lingua	
Oficios e traballos	
Romerías e festas (pampallín, entroido, aghinaldo)	

Sancosmeiros	
Velorios e vodas	
Anécdotas	

Asdo. Pai/ Nai/Titor/Titora